

GALICIA E A FIL

Francisco X. Fernández Naval

Cando o socio de Biblos teña esta revista entre as mans, a Feira Internacional do libro de Guadalajara (México) estará a pouco de abrir as portas, producindo o dobre efecto de se encher de xente e, ao tempo, de encher a cidade de libros e palabras.

A Feira de Guadalajara ou a FIL, que é como lle chaman eles, é o segundo, entre todos os eventos que se celebran no mundo relacionados co libro e coa lectura. O primeiro é a feira de Frankfurt. A Frankfurt a tradición venlle de vello, que xa nos días iniciais da imprenta se celebraba alí singular mercado de libros, o máis importante do continente. Porén, a primacía de Frankfurt é económica: transacción de dereitos e de títulos, algo semellante a un comercio de intanxibles como os do parqué das bolsas.

En Guadalajara os índices de compra e venda de dereitos tamén son altos, mais esta feira soubo manter o seu carácter popular e convocar a milleiros de persoas que cada día enchen os corredores, mercan nos postos, falan nos bares e xogan nos espazos de ocio. A feira é nosa!, berraban indignados aqueles aos que se lle impedía entrar ao recinto durante a cerimonia de inauguración do ano pasado, cando Calderón, o Presidente da República, acordou asistir, convertendo a feira, durante unha mañá, en territorio policial e militar, vedado aos que fan da feira o que esta é: xente e lectores, que tamén son xente.

Dúas empresas —Kalandraka e Nova Galicia Edicións— veñen participando con éxito e durante anos nesta feira. Desde a edición do pasado ano, Galicia conta con presenza institucional e con posto propio, participación necesaria para unha cultura, para unha literatura, que quere convivir coas outras do mundo e estar presente nos foros e encontros máis relevantes.

Polos corredores da feira ou ceando en restaurantes próximos é habitual ver a Gabriel García Márquez, Carlos Fuentes, Nadine Gordimer, José Emilio Pacheco, Álvaro Mutis, Nélida Piñón, Lobo Antunes ou Carlos Monsiváis. Son moitas as actividades que se programan arredor da literatura, tendo particular protagonismo o país ou a cultura convidadas, honra que este ano lle corresponde a Italia, que estableceu como eixo da súa presenza o libro *As cidades invisibles* de Italo Calvino.

Galicia solicitou formalmente o seu desexo de ser cultura convidada para o ano 2011. Ata alá é preciso consolidar a presenza anual, creando un espazo que chame a atención sobre a nosa literatura e incrementando a participación dos nosos autores no programa de actividades. Con todo, ser convidados para o 2011 non debe ser un fin en si, mais si un aliciente que, de non ser ese ano será outro, e mentres, estaremos presentes, en diálogo coas culturas do mundo, nun deses eventos que son referencia común e que fornecen e enriquecen a convivencia.